



Concello de Campo Lameiro

Expediente núm.: 352/2020

Bases Xerais da Convocatoria

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 09/09/2020

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria. Características. Funcións.

É obxecto das presentes bases a contratación dun/dunha Educador/a Familiar, en réxime de persoal laboral temporal, a xornada completa por obra ou servizo determinado (art. 15 do Estatuto dos Traballadores), dependendo da área de servizos sociais do Concello de Campo Lameiro.

A duración do contrato será dende a data de contratación e **ata o 31 de decembro do ano 2020.**

As retribucións brutas financiarase exclusivamente coa subvención da Deputación da Pontevedra para o mantemento deste posto ao abeiro do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais.

As retribucións brutas mensuais do posto serán de 1.715,32 €.

O seu desglose:

* Salario base: 1.470,27

* P.P. Extras: 245,04

* S.S. Empresa: 561,76

* Coste salarial e de seguridade social total 2.277,07€ mes.

As funcións do posto de traballo serán, entre outras, as seguintes:

- Promover a adquisición, por parte das familias destinatarias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas.
- Poñer a disposición das familias participantes de alternativas, información, recursos e itinerarios socioeducativos en relación coas posibilidades do contorno.
- Favorecer a integración, promoción e participación social das familias ou unidades de convivencia.
- Prever e atender as situación que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou grupos de convivencia alternativa.
- Completar o servizo de axuda no fogar cando se identifiquen situacións carenciais ou de conflito que deban abordarse por medio da educación familiar.
- Calquera outra que se lle encomende e que estea relacionada cos obxectivos dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do Concello de Campo Lameiro e que sexan posible desenvolver tendo en conta a duración do contrato.

SEGUNDA. Selección de aspirantes

Remitirase Oferta Pública de Emprego a Oficina de emprego correspondente para que, por esta, se leve a cabo a preselección dos/as candidatos/as, que enviará para a súa valoración polo Tribunal cualificador ás persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Cod. Validación: 9M23RF6DCWY3WDRQXQW37HDY6 | Corrección: <https://campolameiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello de Campo Lameiro

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar desempregado/a e inscrito/a como demandante de emprego
- f) Estar en posesión do Título da diplomatura universitaria en educación social, do título de grao en educación social ou estar habilitado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia.
- g) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.
- h) Estar en posesión do carné de conducir B1

TERCEIRA. Documentación e Prazo para a presentación de solicitudes

As persoas deberan presentar as solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os/as aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Campo Lameiro, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo que se estipule na carta de presentación remitida pola Oficina de emprego, xuntando a seguinte documentación:.

- Fotocopia do DNI
- Carné de conducir
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou impedimento físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas. (Anexo I).
- Currículum vitae para valorar na fase de concurso
- Carta remitida pola Oficina de Emprego
- Título académico esixido para participar na Convocatoria
- Xustificación documental dos méritos alegados (títulos oficiais e/o contratos de traballo acompañados de certificado de empresa e/o vida laboral)
- Certificado acreditativo sobre a ausencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

Non se terán en conta aqueles méritos non alegados nin acreditados no momento de presentación no Rexistro do Concello da carta enviada pola oficina de emprego.

CUARTA. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e na súa páxina web, concederáse un prazo de un día para a emenda.

Vistas as alegacións presentadas, por Resolución de Alcaldía procederáse á aprobación definitiva da lista de admitidos/as e excluídos/as, que, igualmente será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, e na súa páxina web. No suposto de que non se formulasen reclamacións contra a lista publicada, entenderase elevada a definitiva sen a





Concello de Campo Lameiro

necesidade dunha nova publicación

Nesta mesma publicación farase constar a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, e entrevista. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

QUINTA. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal Cualificador estará constituído por:

— Presidente/a.

— Secretario/a. Técnico Medio do Concello de Campo Lameiro.

— Vogais que determine a convocatoria. Secretaria Concello de Campo Lameiro, Traballadora Social Concello de Campo Lameiro

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA. Sistema de Selección e Desenvolvemento do Proceso

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección das persoas será o de concurso e entrevista curricular/profesional. No concurso o Tribunal cualificará os méritos aducidos e acreditados polos aspirantes, conforme ao baremo incluído na convocatoria, e fixará a orde de prelación dos mesmos a efectos da selección.

Á fase de concurso seguirá unha entrevista curricular/profesional.

1- FASE DE CONCURSO

Valoración de Méritos

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, dacordo co baremo contido nestas bases, na Casa do Concello.

A puntuación máxima para a fase de valoración de méritos é de 6 puntos.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.

1º.- Polo desempeño dun posto de traballo de similares características e cometidos, ata un máximo de 4 puntos:

- Por servizos prestados en calquera administración pública 0,04 puntos/mes, ata un máximo de 2,5 puntos

- Por servizos prestados en empresas privadas 0,02 puntos/mes, ata un máximo de 1,5 puntos
Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase

* No caso de traballador/a por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo, e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de





Concello de Campo Lameiro

Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- No caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

B) ACCIÓNS FORMATIVAS

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 2,00 puntos.

Accións formativas específicas relacionadas co emprego a desenvolver.

- a) Cursos de máis de 300 horas 0,60 puntos por curso.
- b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.
- c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso.
- d) Cursos de 15 a 50 horas, 0,15 puntos por curso.

Neste apartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

Non se computarán os cursos cunha duración inferior a 15 horas.

NOTA: Os cursos deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, SEPE e SPEG

2- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL CURRICULAR/PROFESIONAL

A puntuación máxima a obter neste apartado será de 4 puntos

Na entrevista valoraranse as aptitudes e actitudes dos/as candidatos/as co fin de determinar a idoneidade para o posto de traballo, as tarefas do posto a desempeñar e a comprobación dos coñecementos e a capacidade do/da aspirante.

SÉTIMA. Cualificación

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso e a obtida na fase de entrevista.

OITAVA. Relación de Aprobados/as, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Unha vez terminada a cualificación das persoas, o Tribunal fará publica a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello, precisándose que o número de aprobados/as non poderá exceder o número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ao Alcalde para que proceda á formalización do correspondente contrato.

O/a aspirante proposto/a achegará ante a Administración, dentro do prazo de 5 días dende que se publique no taboleiro de anuncios, e na súa páxina web, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados/as, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incompatibilidades

Os/as aspirantes propostos/as quedarán suxeitos/as, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





Concello de Campo Lameiro

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

